Compostela, xaneiro de 1.963

Querido Luis:

Recibín o teu catálogo. Segun teño entendido vas trasladarte a Suiza. En realidade eu coidaba que ibas vir pra eiquí, porque eso foi o que me dixo Dieste nunha ocasión. De calquera xeito, estando en Suiza será mais doado que veñas dar unha volta en calquera momento.

Xa verías, coido, a reedición que fixemos de "Dos Arquivos do Trasno". A Dieste hai tempo que nono vexo.

Temos na imprenta un denso libro de ensaios de Domingo. Tamén enviamos á Censura un espléndido libro de Celestino F. de la

Vega sobre o Humor. E deben de estar a punto de sair un libro de contos de Blanco Amor e máis o primeiro tomo da "Historia da Literatura Galega" de Carballo Calero. Como ves, vaise traballando.

Que iste novo ano vos traia moitas venturanzas e trunfos en Europa, posto que o pasaredes nela.

Moitos saúdos nosos a Maruxa. Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón